

VºBº:



**TEXTO:** Para debido coñecemento e difusión de todos os interesados remítese información referente a:

## CAMPIONATO GALEGO INFANTIL POR EQUIPOS

<b>DATA:</b>	Domíngo 5 de xuño de 2016
<b>LUGAR:</b>	Pavillón dos Deportes do Parque Rosalía de Castro – Lugo
<b>HORA:</b>	De 11:00 h. a 13:00 h (é importante que os equipos estén ás 10:00 h. no pavillón)
<b>PARTICIPANTES:</b>	Deportistas federados en clubs homologados na FGJEDA na actual tempada.
<b>CATEG. EQUIPOS::</b>	As categorías de equipos poden ser mixtas. Consta de 2 probas: <ul style="list-style-type: none"><li>- 1ª proba: Forma ou combinación libre (con ou sen armas) Número de participantes: 3 ou máis (sen límite máximo)</li><li>- 2ª proba: Combate preparado (con ou sen arma) Número de participantes: 2 ou máis (sen límite máximo)</li></ul>
<b>CATEGORÍAS:</b>	Cat. A) – Cadete: 13 a 15 anos Cat. B) – Infantil: 10 a 12 anos Cat. C) – Benxamín: 7 a 9 anos Cat. D) – Pre-benxamín: 6 e menos anos  IDADE DO DEPORTISTA A DÍA 1 DE XANEIRO DO ANO DA COMPETICIÓN
<b>TEMPOS DE EXECUCIÓN:</b>	Cat. A) – Mínimo 30” Cat. B) – Mínimo 25” Cat. C) – Mínimo 20” Cat. D) – Mínimo 15”
<b>SISTEMA DE PUNTUACIÓN:</b>	Medalla de Platino, todos os que acaden unha puntuación de 9.10 a 10 ptos Medalla de Ouro, todos os que acaden unha puntuación de 8.60 a 9.09 ptos. Medalla de Prata, todos os que acaden unha puntuación de 7.50 a 8.59 ptos. Medalla de Bronce, todos os que acaden unha puntuación de 6 a 7.49 ptos
<b>APERTURA:</b>	Realizarase unha pequena clase práctica e de xogos. Non se ten que preparar, esa é a demostración para ensinar aos pais un anaco dunha clase normal.
<b>INSCRICIÓN:</b>	Deberán enviar a folla de inscrición (debidamente cuberta) ata o día 27 de maio aos correos electrónicos <a href="mailto:pier@fgjudo.com">pier@fgjudo.com</a> e <a href="mailto:jgago@dinamictaiji.com">jgago@dinamictaiji.com</a> para facer as categorías. Unha vez finalizado o prazo non se admitirán mais inscricións.

## NORMATIVA PARA OS CAMPIONATOS INFANTIS DE WUSHU

### REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN:

- Todos os deportistas deberán pertencer a un club homologado en dita temporada na FGJEDA, e ter a licenza federativa en vigor.

### PARTICIPACIÓN:

- Nos Campionatos Provinciais e Rexionais por Equipos poderán participar todos os deportistas que pertencen aos clubs convocados a tal evento.

### UNIFORMIDADE:

- Uniforme de Wushu ou Tai Chi.
- Cinto.
- Zapatillas de sola fina.


### MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN:

- Cada competidor poderá participa soamente en 2 modalidades de competición.
- En caso de existir diferenza de idades na formación dos equipos, participarase na categoría que corresponda ás idades que representen máis do 50% dos competidores. Se esta proporción é do 50% exacto, participarase na categoría que corresponda á idade superior.
- Cada categoría e modalidade considéranse únicas, participando nenos e nenas en conxunto.
- É obrigatorio respectar as marxes de tempo indicados, sufrindo unha penalización de 0.1 puntos por cada 3" que se acorte o tempo de execución da proba.
- A base de participación en formas por equipos, de puño ou armas, son as Formas do Programa ou combinacións libres que terán que ser adaptadas ós tempos de execución establecidos en función de cada categoría. Por elo, se o tempo da forma é curto, poderá ser suplementada con algún paso ou exercicio. Se son formas moi longas, que sobre pasan o tempo establecido (formas de competición) participarase con unha fracción de estas que cumpra o tempo regulamentario.
- Nas modalidades de EQUIPO (Formas sincronizadas e Combate), nas que a coordinación e o ritmo son aspectos importantes a valorar polos xuíces, todo tipo de sinais ou xestos (contar os pasos, marcar os ritmos con palmas, etc.) serán penalizados con 0.3 puntos. Unicamente se poderá marcar o inicio e final en cada proba.
- Se algunha das modalidades non reúne o mínimo de 3, 4.... inscricións (segundo dite o organizador do evento nas bases de participación), refundirase ou eliminarase en función da súa compatibilidade.

### REXISTRO DE PARTICIPANTES:

En todos os campionatos haberá un responsable que controle a correcta uniformidade e demais obxectos (cadeas, reloxos, etc.).

O Dtor. Dpto. Wu-Shu



Asdo. José Gago Garrido